

O son esquecido

Xabier A. Barreiro Liz



BAÍA EDICIÓN S

O son esquecido

Xabier A. Barreiro Liz



BAÍA EDICIÓN S

1

Outubro, a morte comezaba a chover sobre os verdes tecidos que facían de Trabada unha illa de pequenas casas pintadas pola simbiose de algas e fungos ao longo das estacións.

A xente asolagaba o adro dunha pequena igrexa do século XIII, e poucos baleiros asomaban entre os pés da multitude baixo a insistente auga vertida por nubes conxuradas no outono. Aínda non chegara a defunta, nin sequera un membro da familia. Dentro da igrexa, o párroco xa agardaba vestindo cores axeitadas para o momento.

A campá berrara toda a mañá. Dende o alto do seu fogar pétreo pronunciaba con lingua de ferro as palabras da dor, da xuntanza, das faladurías, das disputas.

Pouco a pouco comezou a facerse paso entre as estreitas rúas un longo coche coroadado de dalias e gladiolos. Detrás, un reducido grupo camiñaba ofrecendo un rosario de acenos bañados no doce cheiro da morte.

Raquel aparcou o tres portas negro á beira da estrada principal, xusto diante da pista de terra que camiñaba deténdose na aldea. A fotografía que espaxiaba cores escuras e desgastadas diante dos seus ollos era a que ela lembraba, a que fora chamando

de volta a Galicia mentres cruzaba as mesetas e vales do centro peninsular.

Tería sido mellor viaxar en avión, como fixera moitas veces antes, nunha hora de voo xa estaría na Bacolla. Pero desta vez necesitara percorrer os quilómetros un por un, de sentilos lambendo o caucho dos pneumáticos. Non era unha viaxe de vacacións, agora non. Nunca antes, dende que deixara a súa Terra para vivir lonxe, para medrar sen trabas, desexara ser consciente da distancia, das horas.

Fora a morte quen a chamara, obrigándoa a debuxar no mapa do aire unha nova rota ata Trabada.

Baixou do coche, e a ladaíña da campá que antes escoitara tímida tras os cristais transmutou agora nun berro oco subindo polo camiño, apuntándolle aos sentidos, mentres apagaba o motor quente e collía unha pequena mochila do asento traseiro.

O enterro xa debía ter comezado. Seguramente os seus estiveran agardando por ela ata o derradeiro intre. Apurou o paso, sorteando as pozas enlamadas de ocre e follas douradas que se lle achegaban aos pés. Ás beiras do camiño silvas molladas e enredadas en cores escuras acompañaron a Raquel ata as primeiras casas.

A bruma borraba os perfís das xentes e das cousas desdebuxando os seus bordes. Ollou como o cadaleito saía do coche fúnebre, repousando nunha padiola de aluminio montada sobre catro rodas que xiraban saudando as desgastadas lápidas, xa esquecidas, do chan.

Alí mesmo podía distinguir unha muller enloitada: súa nai. Continuou achegándose, camiñando entre as casas de planta baixa. O son das pegadas fundíndose contra o sollo de madeira da igrexa indicou que a xente xa comezara a ocupar os seus lugares. Chegaba tarde, debería ter saído da casa acompañando a familia.

Cando xa estaba a pouca distancia do adro, algunhas cabezas xiraron buscándoa, e un murmuro baixo e monótono comezou a pelexar coa humidade flotante. Recoñecerana, despois de todo, ela e súa nai compartían o mesmo rostro de faccións duras, enmarcadas por unha cortiña de noite.

As caras éranlle coñecidas, foilles poñendo nomes e historias ao tempo que se deslizaba entre elas. Encaixouse no interior da pequena igrexa. O cura xa comezara cos rezos, e as máis vellas, coa súas tatuaxes negras, ocuparan os primeiros bancos rodeando a familia de Raquel. Tería que agardar de pé, igual que os demais, como se fora unha estraña. Apoiou as costas sobre a parede de granito e o frío que sentira no interior durante toda a viaxe espallouse tamén polo máis superficial do seu corpo. O son das toses convulsivas mesturábase coas palabras de Don Xacinto.

Era allea a todo o que estaba acontecendo, só podía fitar o cadaleito onde xa non estaba aquela dona alta e calada que coñecera como unha vella. A cabeza da nai buscouna coa mirada; por uns intres olláronse e despois a cerimonia decaeu ata a súa fin. A caixa voltou a xogar sobre a mesa prateada, deslizándose cara á porta que traspasara unha hora antes; dous homes traxados de gris e branco arrastraron dúas coroas detrás dela, movendo novamente un anestésico cheiro de doce putrefacción floral; entón un ordenado río de mulleres fluíu ao exterior.

Eses mesmos homes de relucentes cabezas e traxes pasados a ferro estiveran ocupando un pequeno rectángulo que facía de portal do templo. Ollaban os reloxos cada pouco, como temendo non poder conducir algún outro corpo desalmado ata o derradeiro recoñecemento na terra. Uns metros máis alá da porta de madeira, o dono da funeraria agardaba dentro do Mercedes oficial. Non deixaba de observar todo o que o seu comfortable asento lle permitía distinguir: a mesiña con libro das condolencias, o bolígrafo negro que el mesmo deixara enriba do cordón dourado do libro fúnebre, as mans dos seus empregados repletas de tarxetiñas da derradeira comunión nunca recibida.

Os dous homes estaban alí cun xesto indescribible, outorgado por anos de profesión. Un deles, o máis baixo e desfavorecido pola vida, retorcíaa no interior das mans un pano que frotaba de cando en vez contra rostro e colo, non fora que a dor que zume-gaban os asistentes se lle pegara na pel.

Raquel agardou a que a nai chegara á súa altura e fíxose sitio ata ela.

—Non sabía se poderías vir —a voz da muller soou baleira, como sen querer.

—Sinto non ter estado contigo antes, pero decidín vir no coche.

A nai sorriulle cos ollos endurecidos pola dor.

—E Darío?, non chegou?

—Teu irmán non ía chegar a tempo desde Lisboa, chamounos esta mañá, díxenlle que non viñera, que xa estabas a piques de chegar. Non ten porqué facer unha viaxe tan longa en coche.

As palabras da nai falaban na cabeza de Raquel mentres saían ao exterior rodeadas por paredes de xente e baixo un teito cinsento de néboa e orballo. Lisboa e o seu actual fogar estaban á mesma distancia da aldea; coma era costume, Darío tiña preferencia á hora de seguir coa súa vida, sempre fora así. Semellaba ter nacido cun salvoconduto que lle permitía deslizarse pola dos demais sen ter que deter a súa.

Dúas caras sorrintes interrompéronlle os pensamentos, despois catro brazos de rapaza voaron ata o seu corpo e apertárona. Non soubera nada delas dende había dous anos, aquel verán ela e as dúas curmáns aproveitárano ata o último día. Así as catro mulleres seguiron de novo ao barqueiro, mentres guiaba a súa nave á parte posterior da ermida. O concello comezara a construír un novo cemiterio, daban máis cartos os nichos en ringleiras que

os furados de antes, aínda así, as obras levaban paradas moitos meses. Pirámides de area peiteada polos sucos da chuvia e sacos de cemento envoltos en plástico recibían o cortexo que xa descendía por unhas escaleiras de granito pulido. Un paso en falso e a dor tornárase espanto. Os chanzos esvaradizos parecían a derradeira trampa que a Vida preparaba para os mortais.

Raquel agardou detrás da multitude. As figuras navegaban unhas tras das outras procurando o camposanto baixo un mar de velas negras despregadas, pelexando por secar un anaco de chan. Bafos fumeaban vaporosos no aire da tarde.

Cando as campás soaron de novo, algúns homes envoltos en pelicas e amplas cazadoras de coiro comezaron a diluírse polos camiños que nacían no pé da ermida para ir morrer no padal cuberto de serraduras dalgún dos bares da aldea.

Pouco a pouco unha ringleira de formigas foi desfilando diante de Raquel e súa nai, movendo os beizos en falares calados e consoladores. As imaxes flotábanlle nas pupilas facéndoa sentirse espectadora dun canto homérico, remoto e alleo. Nunca antes tivera esa sensación de afastamento, de pertenza allea.

—Mamá, ide vós diante, eu vou quedar uns intres por aquí, necesito respirar algo máis de humidade —as palabras da moza gabearon polo aire mollado destilando o seu fluído nas orellas da muller enloitada e das súas curmáns.

—Non tardes moito, nós temos que voltar a casa, xa sabes, hai moito que facer...

As curmáns de Raquel decidiran encargarse da tafona dos vellos, con algúns problemas no comezo, pero agora tiñan moitos encargos en toda a comarca e as longas horas nocturnas eran de moito traballo.

Raquel asentiu coa cabeza. Sorriu sen moito esforzo deixando que o mundo camiñara adiante sen ela, novamente facía o seu

papel de espectadora. A néboa enguliu a todos os que formaran parte do rito da morte. O zoar do vento semellaba unha fuxida tola de espíritos batendo contra a muralla inconquistable da vida situada na copa dun carballo. As ramas limpas rebatíanse entre si. Ao lonxe, no outro extremo do cemiterio, no de máis recente construción, dúas mulleres limpaban unha lousa de cemento branco. A máis vella empolicárase sobre o rectángulo limpándoo cun pano e unha botella de lixivia amarela. Mentres a outra muller, que podería ter dez ou vinte anos menos que a outra, sostenía entre as mans un xornal envurullado e un bolso negro.

A Raquel chamoulle a atención que a muller aparentemente máis vella vestira unha sinxela bata sen mangas, abotoada ata os pés de cores vivas. A outra, que agora tamén se axeonllaba para arranxar unhas caídas flores de plástico, cubríase de loito. Non lembraba ter visto ningún home limpando unha lápida ou amañando flores de plástico. Estaba claro que os mortos lles pertencían as mulleres. Así sempre vía a unha delas camiñando por calquera cemiterio, achegándose a algún nome escrito con letras sólidas e definitivas, limpando, rezando.

Pensaba en todo iso ao tempo que examinaba as caras descoloridas pola luz do sol, de mortos recentes ou remotos, recordados nas morbosas fotos ovaladas dalgunhas lousas.

Camiñou vagarosa sobre as lápidas decoradas de verdes e amarelos e sentiu ser unha peza máis dun universo pétreo, mudo e antigo, sen ningún papel máis que o que poderían interpretar as rochas ou os castiñeiros que rodeaban o campo da festa, xusto detrás da igrexa. Alí mesmo pasara algúns dos momentos máis felices da súa mocidade. Noutro tempo.

Deixou atrás o cemiterio e avanzou por ruellas e calexas zumegantes.

A aldea medrara nun claro das fragas, no que moi ben puidera ter sido un castro encaixado nunha elevación do terreo que baixaba suavemente ata o río.

Na parte máis alta, a igrexa presidía un conxunto de casas vellas de pedra con tellados novos; na zona de menor altitude, outro pequeno grupo mesturaba construcións tradicionais cunhas máis recentes, agora de formigón e corpo de ladrillo, con caras de azulexos.

Toda a aldea estaba sementada de altos postes de madeira morta, dos que penduraban tendais de arame eléctrico que acompañaron a Raquel á casa dos pais. Detívose diante dunha porta verde e agardou a que algo sucedera, algo que porén estivera acontecendo no seu interior dende que chegara de novo a Trabada.

Non se escoitaban voces fuxindo da casa, podía imaxinar a nai sentada nunha cadeira, ulir o aroma dunha menta flotando na cociña.

Sen decatarse volveu subir pola pista enlamada, entrou no coche, xirou a chave no contacto e o son ruxinte do motor regresouna á súa vida.

2

O repenique metálico das chaves sobre o moble da entrada espertou a soidade da casa. Colgou o abrigo na percha e dirixiuse rumbo ao seu cuarto. Lanzou a mochila enriba da cama e conectou o contestador. A pequena cinta xirou tolamente e detívose en seco. Unha voz familiar espallou ondas no aire.

—Raquel, onde andas? Temos moi, moi boas novas, chámamos ao laboratorio.

—Raquel? Temos que vernos xa, é moi importante, chámamos.

—Vexo que aínda non estás, onde te metiches? escoita por favor, tes que vir correndo ao laboratorio, as túas sospeitas eran certas, todo saíu como ti dixeches, pero agora necesitámoste aquí, hai unha sorpresa.

Raquel descolgou o auricular e marcou o número que máis utilizara nos últimos dous anos. O son distante dun timbre electrónico tateou unha e outra vez, alí non había ninguén.

Se deterse en máis nada, saíu á rúa percorrendo de novo o espazo que a separaba das instalacións próximas á Universidade, onde baixo a atenta mirada dos altos faros se repartían os laboratorios. Na entrada principal, afastada dos edificios con cen metros de grava escoltada por árbores orientais, un enreixado vertical acompañaba a caseta dos gardas.

Recoñecérona deseguido, así que a intención de amosar a súa acreditación magnética morreu nun ademán transformado en sorriso. A cara dun dos gardas fíxolle de espello. Raquel fíxose no outro, atento ás catro pantallas que desvelaban os segredos das tres entradas ao complexo, sempre pensou que a razón pola que as empresas de seguridade sumían nun pasado de imaxes en branco e negro os vixilantes, era para que só distinguisen movementos.

Mentres estas ideas rebulían na súa cabeza xa chegara á porta que lle daría acceso aos laboratorios. Un ollo electrónico moveuse percorréndoa de arriba abaixo. A pupila a distancia do garda eternamente sentado, o da cuarta pantalla. Sempre lle molestaba esa última ollada fría, semellaba en realidade a carauta dunha mirada quente, noxenta.

Sen pensar levantou a man dereita coa tarxeta identificadora ata a altura dunha boca vertical de beizos metálicos. Deslizouna pesadamente e unha luz verde avisouna de que xa podía correr onde os seus compañeiros. Tiña a certeza de que estaban dentro da cámara de seguridade.

Así era, Xoán, Ana e os demais soaban ao outro lado da pesada porta de metal. As voces traspasaban as paredes de tixolo. Calquera podería atravesar esas paredes cun mazo de ferro, pero non a porta, esa porta instalada ao abeiro dunha subvención, asinada nun despacho, onde ninguén pensara na inutilidade dunha cadea de aceiro atando un paquete de papel.

Nunha caixiña pequena protexida por unha tapa transparente, un teclado formado por doce pezas debía ser empregado para acceder ao interior. Raquel sempre temía non lembrar a súa combinación personalizada e intransferible, ou peor, confundila coa da tarxeta de crédito, ou co número do carné, ou da seguridade social, ou coas medidas que sempre soñou ter.

A opción era ben clara, petou tres veces co puño na parede e unha voz dixo dende o outro lado:

—Quen é? Es ti Raquel?

—Son o mellor que che ten pasado na túa miserable vida.

A voz de Raquel soaba xocosa e irónica, había cousas que o tempo aínda non lle deixara esquecer, e aproveitaba calquera momento para axustizar a Xoán.

A porta deixou paso a unha luz amarela, a unha atmosfera artificial de humidade e temperatura recreada á imaxe e necesidades dos tesouros adormecidos nas ringleiras de andeis que percorrían a estancia. Entrou e a cámara quedou de novo illada do frío outono.

Todas as olladas repousaban sobre ela, adiviñándose certa emoción nos integrantes do equipo. Ana colleu un fragmento de papel amarelo, metido nun sobre de plástico transparente e ergueuno á altura da cara de Raquel. Sostivo con coidado o pergamiño e decatouse do que premía entre as mans.

—Xa ves, tiñas razón. Estaba alí, estivo alí todo ese tempo, meses de análises dos equipos anteriores, e xa ves, chegamos nós...

—Quererás dicir chegou a nosa Raqueliña –interrompeu Xoán– e cortou o nó coa súa espada ...

—Ten coidado coa espada –contestou Raquel en voz baixa– ou xa non lembras o ben que pode cortar?

Xoán apartou a vista incómodo, cunha bolboreta de veludo baténdolle no estómago. Raquel colocou o valioso obxecto baixo unha luz azul, e así foi detendo a atención sobre cada un dos trazos firmes que describían os sons de antigas cantigas.

—Acabo de chegar, perdoades pero estou morta, se vos parece reunímonos mañá a primeira hora e comezamos a facer as análises –ordenou Raquel.

—Ti mandas –dixo Antón quen ata o momento calara envolto na voces dos demais.

—Lévote...se queres claro, vou de camiño e...

—Xa sei que o teu tobo queda de camiño ao meu, mira, estou tan cansa que ata poderás facerme o favor –Raquel devolveu o sobre transparente a Ana e dirixiuse á saída seguida de Xoán. No aparcadoiro da facultade, entraron nun coche azul sen dirixirse un pensamento, dúas luces xemelgas camiñaron ata a Rúa dos Inocentes.

Xoán saíu do coche cunha bolsa de plástico na man.

—Levo unhas cervexas, se ti ...

De novo o fío dun coitelo desfixo as palabras do mozo. O frío ollar da pasaxeira respondeu en silencio durante uns intres, para despois saír sen vacilar cun sorriso antigo nos beizos correndo dentro do portal iluminado ao outro lado da beirarrúa.